


OS FONDOS EUROPEOS EN GALICIA

Os fondos europeos teñen varios obxectivos estratéxicos que buscan impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental dos territorios da Unión Europea (UE). Estes fondos canalízanse principalmente a través de diferentes programas definidos en función das prioridades da UE. Algúns dos principais obxectivos son:

A cohesión económica, social e territorial reducindo as desigualdades entre as rexións e promovendo a converxencia económica e a igualdade de oportunidades en todas as rexións e Estados membros e por outra banda o desenvolvemento rural, agrícola e pesqueiro apoiando a agricultura e pesca sostible e axudando aos produtores para modernizar as súas infraestruturas e métodos de produción para facer fronte aos desafíos climáticos e económicos.

Gran parte do desenvolvemento que experimentou Galicia nos últimos 35 anos vai ligado aos fondos europeos que recibiu a Comunidade Autónoma durante este período.

Desde 1986 ata finais de 2030, Galicia percibiría en global máis de 32.000 M€ de axudas comunitarias, dos que o 65% correspóndense con asignacións dos fondos estruturais da Política de Cohesión.



Galicia inicia a súa participación nos fondos europeos a finais dos 80 coa adhesión de España á Comunidade Económica Europea en 1986 á que seguirían varios marcos financeiros plurianuais ata o actual 2021-2027.

Inicialmente financiáronse infraestruturas básicas, redes de transporte e enerxía, e posteriormente impulsáronse actuacións para a mellora da competitividade do tecido produtivo o desenvolvemento tecnolóxico, a innovación, a sociedade da información, o fomento da iniciativa empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios, o fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre home e mulleres, o aumento e mellora do capital humano e a promoción da cooperación transnacional e interrexional.

No ámbito da PAC partiuse de axudas á produción que se transformaron en axudas á renda, diminución de prezos institucionais e aumento da competitividade, o desenvolvemento rural e unha mellor orientación das axudas aos agricultores activos xunto cun papel máis preponderante dos aspectos ambientais.

A política pesqueira inicialmente abordou o desequilibrio que existía entre a capacidade pesqueira da frota e as posibilidades de pesca existentes, posteriormente avanzaouse na protección das especies pesqueiras e mellorouse o control e a inspección pesqueira, con medidas como a creación da Axencia Europea de Control da Pesca, que ten a súa sede en Vigo. Na actualidade garante que as actividades nos sectores da pesca e a acuicultura sexan sostibles a longo prazo desde o punto de vista ambiental e que se xestionen de forma coherente cos obxectivos de xerar beneficios económicos, sociais e de emprego.



Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)

É un dos principais instrumentos financeiros da política de cohesión europea. Creouse en 1975 co obxectivo de contribuír a reducir as diferenzas entre os niveis de desenvolvemento das rexións europeas e mellorar o nivel de vida nas rexións menos favorecidas. Préstase especial atención á innovación, á dixitalización, á mellora da competitividade das pemes, á eficiencia enerxética e as enerxías renovables, á mobilidade sostible, ao medio ambiente, ao patrimonio natural e cultural así como ás infraestruturas socio sanitarias e educativas.

PROGRAMA DE GALICIA FEDER 2021-2027

1.576 M€	940,2 M€
Total programa	Axuda UE




Fondo Social Europeo Plus (FSE+)

É o principal instrumento da Unión Europea destinado a investir nas persoas e apoiar a aplicación do alicerce europeo de dereitos sociais, contribuíndo de maneira significativa á política laboral, social, educativa e de formación da UE, incluídas as reformas estruturais nestes ámbitos.

Ademais, como parte da política de cohesión, o FSE+ continuará apoiando a cohesión económica, territorial e social na UE, co fin de reducir as disparidades entre os Estados membros e as rexións.

PROGRAMA DE GALICIA FSE+ 2021-2027

738,4 M€	448,6 M€
Total programa	Axuda UE



Fondo de Transición Xusta (FTX)

É un instrumento financeiro no ámbito da política de cohesión cuxo obxectivo é prestar apoio aos territorios que se enfrontan a retos socioeconómicos graves derivados do proceso de transición á neutralidade climática. O Fondo de Transición Xusta facilitará a aplicación do Pacto Verde Europeo, cuxo obxectivo é lograr unha Unión climáticamente neutra de aquí a 2050.

O apoio facilitado mediante o FTX céntrase na diversificación económica dos territorios máis afectados pola transición climática, así como na reciclaxe e a inclusión activa dos seus traballadores e demandantes de emprego.

PROGRAMA DE TRANSICIÓN XUSTA 2021-2027. A CORUÑA

159,1 M€	111,4 M€
Total programa	Axuda UE



Plans Estratéxicos da PAC (PEPAC)

A Política Agraria Común (PAC) 2023-2027 segue un enfoque orientado ao rendemento e aos resultados, articulado ao redor de dez obxectivos nos que se basean os plans estratéxicos da PAC dos países da UE. O PEPAC contén as intervencións para acadar os obxectivos da PAC e do Pacto Verde Europeo baseada nunha análise minuciosa das necesidades do sector agrario e do medio rural no seu conxunto.

O Plan ten como obxectivo o desenvolvemento sostible da agricultura e as zonas rurais para garantir a seguridade alimentaria da sociedade a través dun sector competitivo e dun medio rural vivo.

IMPORTE PEPAC 2023-2027 GALICIA


846,3 M€	579,3 M€
Total programa	Axuda UE



Cooperación territorial europea

A Cooperación Territorial Europea é o obxectivo da política de cohesión que persegue solucionar problemas transfronteirizos e desenvolver de forma conxunta o potencial dos distintos territorios. As accións de cooperación reciben o apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través de tres compoñentes principais: cooperación transfronteiriza, cooperación transnacional e cooperación interrexional.

O programa Interreg España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 é o maior programa de cooperación transfronteirizo da UE, cunha dotación total de 427 millóns de euros. Promove: aproveitar o potencial da cooperación para consolidar o ecosistema de innovación, científico e tecnolóxico; maximizar o aproveitamento dos recursos endóxenos do territorio e o desenvolvemento de iniciativas e sectores clave; avanzar na transición ecolóxica e a adaptación ao cambio climático; protexer a biodiversidade e os espazos naturais; afrontar o reto demográfico no espazo transfronteirizo; impulsar o desenvolvemento de estratexias multisectoriais de desenvolvemento integrado e sostible.



Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA)

O FEMPA apoia a política pesqueira común (PPC), a política marítima e a axenda da UE para a gobernanza internacional dos océanos. Facilita apoio financeiro para o desenvolvemento de proxectos innovadores velando por que os recursos acuáticos e marítimos se utilicen dunha maneira sostible. Isto axuda a lograr os obxectivos do Pacto Verde Europeo, a planificación para as políticas ambientais e climáticas da UE.

O FEMPA axuda a lograr unha pesca sostible e a conservar os recursos biolóxicos mariños e co obxectivo de conseguir:

- mares e océanos sans, seguros e xestionados dunha forma sostible;
- seguridade alimentaria grazas á subministración de alimentos mariños;
- crecemento dunha economía azul sostible.

IMPORTE FEMPA 2021-2027 GALICIA

514,5 M€	366,2 M€
Total programa	Axuda UE

OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A



DESENVOLVER E MELLORAR AS CAPACIDADES DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** apoia medidas para desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e a implantación de tecnoloxías avanzadas.

Cun investimento público e privado de preto de 300 millóns de euros no período 2014-2020, puxéronse en marcha proxectos para desenvolver e mellorar as capacidades de investigación e innovación e implementar tecnoloxías avanzadas. En Galicia, o FEDER apoia investimentos orientados á mellora da excelencia investigadora e a capacidade innovadora dos centros de I+D+i, fomenta a cooperación entre pemes e o desenvolvemento de proxectos público-privados por organismos de investigación e empresas aliñados coas prioridades identificadas na Estratexia Galega de Especialización Intelixente (RIS3). Tamén apoia a actividade dos Centros de Investigación Excelente das universidades galegas, co obxectivo de incrementar as taxas de transferencia ao sector privado.



▼ Biofarma (USC). Sistema de almacenamento de compostos automatizado
Foto: Xurxo Lobato

Elementos do computador cuántico QMIO instalado no Centro de Supercomputación de Galicia ▶



OS FONDOS EUROPEOS CONTRIBÚEN A


APROVEITAR AS VANTAXES QUE OFRECE A DIXITALIZACIÓN Á CIDADANÍA, ÁS EMPRESAS, ÁS ORGANIZACIÓNS DE INVESTIGACIÓN E ÁS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS



O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia medidas para aproveitar as vantaxes que ofrece a dixitalización

Co obxectivo de maximizar o potencial social e económico das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), nos últimos anos, empregáronse máis de 260 millóns de euros no reforzo das infraestruturas e aplicacións TIC en ámbitos da administración pública como os servizos sociais, a cultura, o turismo, o territorio e principalmente a educación e a sanidade.


No ámbito da saúde implantáronse tecnoloxías e sistemas de información innovadores que proporcionan á cidadanía un mellor acceso á sanidade e promoven unha mellor xestión dos recursos sanitarios. Como por exemplo a plataforma de servizos e contidos personalizada orientada a cidadanía para consultas e trámites (É-Saúde), a plataforma de asistencia domiciliar integrada (TELEA) ou a aplicación móbil "Sergas Móbil".



O Servizo Galego de Saúde brinda nas stores de Apple e Google, a aplicación móbil "Sergas Móbil", que ten como obxectivo achegar a toda a cidadanía o catálogo de apps e e-servizos do Sergas, de xeito transversal, inclusivo e eficaz.

É-Saúde é a actual carpeta de saúde dos cidadáns de Galicia. Trátase da plataforma de servizos e contidos personalizada orientada a cidadáns para consultas e trámites do Sistema Sanitario Público de Galicia.

A estratexia galega de anatomía patolóxica dixital fomentou a compra dun novo arquivo de imaxe dixital de anatomía patolóxica, 24 escáneres de gran capacidade para dixitalización das preparacións de mostras de tecido que se procesan nos laboratorios de anatomía patolóxica e 131 estacións de visionado da imaxe dixital xerada para o diagnóstico no Sistema Público de Saúde Galego.



OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A



PROTEXER E FOMENTAR O PATRIMONIO CULTURAL




O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** apoia medidas para promover a protección, o fomento e o desenvolvemento do patrimonio cultural

O FEDER cofinancia actuacións de protección, conservación e posta en valor de bens pertencentes ao patrimonio cultural situado por toda a xeografía galega.

Deste xeito, grazas ao investimento de preto de 15 millóns de euros no período 2014-2020, foi posible mellorar o estado de conservación de 26 bens de interese cultural. Exemplos destas actuacións foron as intervencións na Muralla de Lugo ou en distintos lugares da Ribeira Sacra.


Obras de Santo Estevo de Ribas de Sil ▶

Obras de rehabilitación da Muralla de Lugo ▼



Restauración pinturas murais de Nogueira de Miño

OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A




PROTEXER E FOMENTAR O PATRIMONIO NATURAL E A BIODIVERSIDADE

O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** apoia medidas para promover e fomentar valores sobre o patrimonio natural e a biodiversidade

Apóianse actuacións de protección, conservación, promoción e divulgación dos valores dos espazos naturais e da biodiversidade de Galicia. Así, no período 2014-2020 destináronse máis de 16 millóns de euros en actuacións levadas a cabo no Parque Nacional das Illas Atlánticas, en espazos da Rede Natura 2000 e noutros parques naturais de Galicia.

Parque Nacional
marítimo-terrestre das
Illas Atlánticas de Galicia

Actuación didáctica Parque
Nacional marítimo-terrestre
das Illas Atlánticas de Galicia



OS FONDOS EUROPEOS CONTRIBÚEN A

FOMENTAR UNHA MOBILIDADE URBANA E INTERURBANA SOSTIBLE



O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia unha mobilidade sostible a través do fomento das vías ciclistas e peonís

Despregáronse por toda a Comunidade Autónoma case 100 quilómetros de infraestruturas destinadas en exclusiva ao tráfico de ciclistas e de peóns nas estradas de titularidade autonómica no período 2014-2020.

Co desenvolvemento destas actuacións, ademais de fomentar e facilitar a mobilidade de vehículos sen motor, garántese a existencia dunha infraestrutura segura para peóns e ciclistas.

Esta rede de sendas peonís e ciclistas foi recoñecida nos Premios Europeos á Excelencia na Seguridade Vial do ano 2024.

SENDA AC 841 PONTEVEA

▼ ANTES



▼ DESPOIS



SENDA XORNES - BUÑO - CANTA LA RANA

▼ ANTES



▼ DESPOIS



OS FONDOS EUROPEOS CONTRIBÚEN A

VELAR POLA IGUALDADE DE ACCESO A UN SERVIZO EDUCATIVO DE CALIDADE E A UNHA ASISTENCIA SANITARIA REFORZADA E RESILIENTE



O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia o acceso igualitario á educación e á sanidade


Durante o período 2014-2020 realizáronse investimentos superiores aos 150 millóns de euros para reforzar a atención primaria para que alcance a toda a cidadanía, así como a atención especializada para facer fronte ás enfermidades crónicas e ao envellecemento da poboación. Estes investimentos inclúen infraestrutura e equipamentos.

A asistencia sanitaria en Galicia debe promover o benestar, previr enfermidades, proporcionar tratamentos eficaces e manter o maior nivel de

saúde individual e colectivo a través dunha atención centrada na persoa e sostible no contexto global do sistema de saúde.

Tamén se investiron nese mesmo período máis de 60 millóns de euros en máis de 50 centros educativos de ensinanza infantil, primaria e secundaria. Estas actuacións abrangueron tanto a remodelación ou modernización dalgúns centros que tiñan certa antigüidade como a construción dalgúns novos centros nalgunhas zonas onde se produciron novas necesidades.

▼ CEIP Sagrado Corazón (Lugo)



▲ Robot da Vinci para a mellora das cirurxías laparoscópicas



▲ Equipo de Ultrasóns Focalizados de Alta Intensidade (HIFU) para o tratamento contra o Parkinson e o tremor esencial

OS FONDOS EUROPEOS CONTRIBÚEN A

PROMOVER UNHA PARTICIPACIÓN EQUILIBRADA DE XÉNERO NO MERCADO DE TRABALLO



O Fondo Social Europeo (FSE) apoia a participación equilibrada de xénero no mercado de traballo

Con estas medidas apóianse ás mulleres galegas para que melloren a súa situación laboral e que se reduzan os efectos negativos das dificultades de conciliación, as cales seguen recaendo de maneira prioritaria sobre elas. Trátase de eliminar os obstáculos que seguen atopando as mulleres para incorporarse á vida activa, acceder ao emprego e manter a ocupación. Todo isto co obxectivo prioritario de conseguir un mercado laboral sen segmentacións e equilibrado por razón de xénero. Contribúese así a minorar as fendas de xénero do mercado laboral derivadas da contratación máis precaria e das dificultades de inserción no mercado laboral en igualdade de oportunidades, a reducir as barreiras de acceso a créditos e axudas que teñen as mulleres á hora de emprender, a tentar diminuír a complexidade para conciliar a vida laboral, persoal e familiar, e a aumentar a corresponsabilidade. De todo o anterior beneficianse cada ano unhas 1.500 mulleres.



5Special | Beneficiaria do Programa EMEGA 2023

Axudas EMEGA para o fomento do emprendemento das mulleres.

O futuro de Galicia: en feminino

INSCRIPCIÓN ata o 27 de setembro

XUNTA DE GALICIA

Un programa de axudas para fomentar o emprendemento feminino

Un investimento de **máis de 5 millóns de euros**, a maior contía da historia, dividida en **catro liñas de axudas** que queren promover o **apoderamento económico e social das mulleres**, incrementar a súa **participación na vida económica, laboral, política, social e cultural**, e **eliminar as discriminacións por sexo**.

QUE TIPO DE AXUDAS EXISTEN?

Tres liñas principais desde 8.000 a 42.000 €

LIÑA EMPRENDE
Ofrece incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a **creación de emprego feminino estable por conta propia e alíea**.

LIÑA ACTIVA
Favorece a **reactivación e a consolidación de empresas constituídas por mulleres** ou a implantación de medidas innovadoras para a **mellora da competitividade**. Está dirixida a paliar unha situación económica adversa, acadando o necesario equilibrio empresarial ao mesmo tempo que se mantén o emprego e se consolida e mellora o proxecto.

LIÑA ITEF
Impulsa as **iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica**, promovidas por mulleres e que supoñan a **creación de emprego feminino estable**.

Liña complementaria desde 1.000 a 5.000 €

LIÑA CONCILIA
Liña axuda complementaria ás outras tres para **promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral** tanto das **empendedoras** coma das **traballadoras por conta alíea**.

A QUE VAN DIRIXIDAS?

Mícro ou pequenas empresas privadas formadas por mulleres, que inicien a **actividade** ou **formalicen os seus plans de reactivación ou mellora** desde o 1 de agosto de 2023 ata o 27 de setembro de 2024.

ATA CANDO SE PODEN SOLICITAR?

O prazo remata o **27 de setembro**.

OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A

FOMENTAR A INCLUSIÓN ACTIVA CO OBXECTO DE PROMOVER A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

O **Fondo Social Europeo (FSE)** apoia a inclusión activa co obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os colectivos desfavorecidos

O apoio do FSE no ámbito da inclusión trata de reducir o número de persoas que se atopan en situación de risco de pobreza ou exclusión social, de aumentar a cohesión social e a integración socio-laboral dos colectivos máis desfavorecidos, incluíndo ás persoas menores tuteladas e ás persoas con discapacidade, que faciliten a súa integración no ámbito social e laboral.


Realízanse accións individualizadas de formación e acompañamento social, accións cos colectivos desfavorecidos e proxectos de dinamización

sociocomunitaria en áreas en exclusión territorial. Todo isto beneficia anualmente a máis de 15.000 persoas en situación ou risco de exclusión social.

Por exemplo, o programa Mentor atende anualmente a máis de 200 mozas e mozos que afrontan a recta final do seu paso polo sistema de protección de menores. A súa emancipación é un salto sen rede, dado que a maioría carecen de apoio familiar. Mentor é unha solución que reúne vivenda, manutención, formación e acceso ao emprego.



OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A



FOMENTAR A EFICIENCIA ENERXÉTICA E A REDUCIÓN DAS EMISIÓNS DE GASES DE EFECTO INVERNADOIRO

O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** apoia a eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro

Realizáronse actuacións en máis de 100 edificios públicos que perseguiron un aumento substancial do aforro e a eficiencia enerxética nas infraestruturas públicas, incluídos os edificios públicos e as vivendas de protección oficial. Este obxectivo fomentou a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro como o dióxido de carbono.

Realizáronse actuacións de auditoría enerxética e intervencións concretas de mellora da eficiencia enerxética na Administración Pública, as cales incluíron actuacións de reforma de elementos construtivos en edificios sanitarios, educativos, xudiciais, administrativos, sociais e deportivos de Galicia. Para acadalo fixéronse novas instalacións e instaláronse novos equipamentos de aforro enerxético e de impermeabilización. Ademais, tamén se implementaron medidas destinadas á rehabilitación integral de máis de 300 vivendas sociais para reducir o consumo enerxético e evitar a emisión de gases de efecto invernadoiro.



Xunta de Galicia. San Caetano (Santiago de Compostela) ▲

Xunta de Galicia. Espazo Amizar (A Coruña) ▼



OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A




FOMENTAR UNHA MOBILIDADE SOSTIBLE


O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)** promove a utilización do transporte público e a mobilidade sostible.

Xa se puxeron en marcha as estacións intermodais de Vigo, Santiago de Compostela, Ourense e Pontevedra. Estas estacións permiten a intermodalidade entre o transporte en autobús e o transporte en ferrocarril, facilitando deste xeito os desprazamentos entre a orixe e o destino final das persoas usuarias con maior rapidez, eficiencia e un menor custo.


En 2023, o número de persoas que utilizaron o autobús interurbano nas estacións intermodais galegas incrementouse ao redor do 20% respecto a 2019.



Estación Intermodal de Vigo ▶
Estación Intermodal de Santiago ▼



OS FONDOS EUROPEOS CONTRIBÚEN A



O AUMENTO DO EMPREGO E A COHESIÓN TERRITORIAL NAS COMUNIDADES COSTEIRAS E DE INTERIOR DEPENDENTES DA PESCA E A ACUICULTURA

O Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) apoia as actividades da pesca, acuicultura e actividades conexas



Produtos obtidos a partir de residuos mariños

O Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) financia axudas para fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos acuáticos e as actividades sostibles de acuicultura, así como a transformación e comercialización de produtos da pesca e a acuicultura, contribuíndo así á seguridade alimentaria na Unión Europea. Permite, deste xeito, unha economía azul sostible nas zonas costeiras, insulares e interiores; fomenta o desenvolvemento das comunidades pesqueiras e acuícolas; reforza a gobernanza internacional dos océanos; e permite que os mares e os océanos sexan seguros, protexidos, limpos e estean xestionados de xeito sostible.

Tamén se realizan accións para aumentar o emprego e a mobilidade laboral nas comunidades costeiras e de interior dependentes da pesca e da acuicultura. Un exemplo disto sería o proxecto TANZA que contribúe á inclusión social a través do emprego, creando novas ideas de negocio de economía circular no sector pesqueiro.



Tanza
Inclusión social
Sector pesqueiro
Economía circular

OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A




PROTECCIÓN, DESENVOLVEMENTO E PROMOCIÓN DAS ÁREAS NATURAIS, EN PARTICULAR AS DE INTERESE TURÍSTICO

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) apoia medidas de protección, desenvolvemento e promoción de áreas de interese turístico

Galicia presenta múltiples posibilidades que postas en valor poden facer aumentar o seu atractivo e demanda como destino turístico, entre elas destaca a súa riqueza paisaxística. O Camiño de Santiago constitúe outro elemento destacable do patrimonio paisaxístico e cultural galego e europeo. Esa riqueza proporciona unha oportunidade para fortalecer a oferta de turismo sostible que actúe como motor de desenvolvemento e crecemento socioeconómico na rexión, de forma coherente coa conservación, protección e fomento do patrimonio natural e cultural.

O Programa FEDER de Galicia financia medidas para preservar e mellorar a accesibilidade e sinalización dos diferentes roteiros dos Camiños de Santiago, a través dos cales nos visitan cada ano máis de 400.000 persoas. Grazas ao investimento recibido pódense mellorar os servizos públicos en torno aos Camiños, o patrimonio cultural nos Camiños, a oferta turística complementaria ao redor dos Camiños e o fomento e o desenvolvemento de Galicia como destino cultural, turístico e natural.



Albergues de Oseira (arriba),
Sobrado dos Monxes e Vigo

OS FONDOS
EUROPEOS
CONTRIBÚEN A



DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZONAS RURAIS

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) financia a contribución da Política Agraria Común (PAC) ao desenvolvemento sostible das zonas rurais

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) persegue:

- A posta en funcionamento dun amplo conxunto de medidas encamiñadas a contribuír á sustentabilidade ambiental, económica e social do rural: investimentos, innovación, formación e asesoramento; así como un esforzo decidido por facilitar a incorporación de persoas mozas e reducir a brecha de xénero.
- Mellorar a calidade de vida da poboación rural fomentando a prestación de servizos básicos que axuden á fixación da poboación nestas zonas, creando emprego e reducindo o risco de pobreza.
- Garantir o cumprimento dos compromisos e obxectivos ambientais, combinando medidas de carácter regulamentario con pagos que remuneren os esforzos das persoas agricultoras que vaian máis aló da liña de base.



▲
Exemplos de proxectos no ámbito da innovación produtiva no sector agrario son, entre outros, AGROPURIN, VALNASOM ou NEMATODO-SCREEN



OS FONDOS EUROPEOS CONTRIBÚEN A



COOPERACIÓN TERRITORIAL EUROPEA

A cooperación territorial europea soluciona aqueles problemas que transcenden as fronteiras nacionais e requiren unha solución común



▲ Base aérea transfronteiriza Verín - Oímbra de loita contra incendios forestais

A cooperación territorial europea formou parte da política de cohesión desde 1990. O obxectivo que se persegue é solucionar problemas transfronteirizos e desenvolver de forma conxunta o potencial dos distintos territorios. As accións de cooperación reciben o apoio do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través de tres compoñentes principais: cooperación transfronteiriza, cooperación transnacional e cooperación interrexional.

O Programa de Cooperación Transfronteriza España – Portugal (POCTEP) aproveita o potencial da cooperación para:

- Consolidar o ecosistema de innovación, científico e tecnolóxico
- Maximizar o aproveitamento dos recursos endóxenos do territorio e o desenvolvemento de iniciativas e sectores clave
- Avanzar na transición ecolóxica, na adaptación ao cambio climático e na protección e na conservación da biodiversidade nos espazos naturais e rurais do espazo transfronteirizo
- Potenciar a cooperación para afrontar o reto demográfico e o impulso de estratexias multisectoriais de desenvolvemento integrado e sostible.



▲ Proxecto ARIEM+ (Galicia, Castela e León e Portugal). Equipos para actuar en emerxencias nas zonas transfronteirizas